



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 21 de xullo de 2026, pola que se acorda aprobar as bases e se procede a convocar o proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun tractorista que desenvolverá traballos esporádicos de peón de servizos múltiples para a realización de tarefas de mantemento e xardinería ao abeiro do convenio de colaboración interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e este concello para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2027, cofinanciado parcialmente polo FEADER no marco do Plan Estratexico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, presentouse, en tempo e forma, segundo certificación expedida pola encargada do rexistro xeral municipal, unha única solicitude:

NOME E APELIDOS	DNI
JOSE CARLOS PEREZ TABOADA	***7272**

Resultando que, de acordo co establecido nas bases que rexen a convocatoria, o único candidato presentado reúne os requisitos esixidos con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación, no suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que os candidatos reúnan os requisitos esixidos, non será precisa a realización do proceso selectivo.

Á vista do anterior, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas para tomar parte no proceso selectivo coinciden co número de prazas convocadas, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, RESOLVO:

Primeiro.- Contratar ao único candidato presentado, D. JOSE CARLOS PEREZ TABOADA, para o posto de tractorista que desenvolverá a xornada completa, cunha duración determinada comprendida entre o 3 de agosto e o 25 de setembro de 2026 (ambos incluídos) para traballos

DECRETO
Número: 2026-0418 Data: 28/07/2026





Concello de Oza-Cesuras

esporádicos de peón de servizos múltiples (tarefas de mantemento e xardineiría) ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Oza-Cesuras para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais asinado o cinco de maio de 2025 e cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023- 2027.

Segundo.- Comunicar ao seleccionado, mediante chamada telefónica ao número de teléfono que consta no expediente, que deberán presentar antes das 14 horas do 30 de xullo de 2026 os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da tarxeta sanitaria ou número da seguridade social.

Terceiro.- Que unha vez presentada a documentación indicada anteriormente, se dea traslado da mesma á Xestoría Administrativa para que proceda a dalo de alta na Seguridade Social e proceda á realización da formalización do correspondente contrato.

Oza Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE

O Secretario ,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

DECRETO
Número: 2026-0418 Data: 28/07/2026

